

# + APRENDER

ESCOLA DE  
VERÁN DA  
OMIC  
2024

Aberta a  
preinscrición  
do 20 ao 22  
de maio



Máis información en  
[coruna.gal/campamentos2024](https://coruna.gal/campamentos2024)

# CAMPAMENTOS MUNICIPAIS

## INFORMACIÓN ACTIVIDADES ESCOLA DE VERÁN DA OMIC 2024

ÁREA DE FOMENTO E PROMOCIÓN DA CIDADE  
SERVIZO DE TURISMO, COMERCIO, MERCADOS E HOSTALERÍA

### PERSOAS DESTINATARIAS

Menores nados do 1/1/2014 ao 31/12/2020

\*Existen prazas para nenas e nenos con necesidades educativas especiais.

### CALENDARIO

**Preinscrición:** 20, 21 e 22 de maio na web [coruna.gal/campamentos2024](https://coruna.gal/campamentos2024)

**Publicación de listaxes de menores preinscritas/os:** 31 de maio.

**Reclamacións:** 31 de maio e 3 de xuño.

**Sorteo das prazas:** 5 de xuño.

**Publicación de listaxes de admitidas/os:** 11 de xuño.

**Inscrición:** Do 11 ao 17 de xuño para as persoas participantes que obtivesen praza realizarase exclusivamente a través da páxina municipal <https://www.coruna.gal/omic/gl/escola-de-veran/formulario-para-inscricions-na-escola-de-veran>

\*Os irmáns deberán anotarse de forma correlativa. Se non é así, non se garante que estean xuntos.

\*\*No caso de que haxa duplicidade nalgunha solicitude por realizala dúas persoas distintas para un mesmo menor terase en conta a realizada en último lugar.

### QUENDAS

**1ª Quenda:** do 1 ao 15 de xullo. Consumo e novas tecnoloxías.

Facilitar ferramentas que garantan a adopción de bos hábitos de seguridade, facendo usuarias e usuarios conscientes da súa propia responsabilidade en relación co uso das novas tecnoloxías.

**2ª Quenda:** do 16 ao 31 de xullo. Consumo e alimentación saudable.

Coñecer a importancia da compra de proximidade para manter una alimentación sa e equilibrada. Sensibilizar na creación de hábitos de alimentación positivos e saudables fomentando o comercio de proximidade.

### HORARIO

O horario das actividades será de luns a venres de 09:00 a 14:00 h. Por motivos de conciliación os nenos e as nenas poderán acceder ás instalacións a partir das 08:15 h e permanecer ata as 14:45 h. Rogamos máxima puntualidade dentro de estos horarios.

### ESPAZOS DE REALIZACIÓN

Centro Municipal de Emprego. Carretera dos Fortes ao Monte de San Pedro, 16. Os Rosais.

### Nº PRAZAS

80

### COTA DE INSCRICIÓN

Gratuíta.

Os asistentes ás actividades recibirán cada día unha merenda infantil saudable.

### ACEPTACIÓN DE CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN, OBRIGACIÓN DE INFORMACIÓN E CONSENTIMENTO INFORMADO

As persoas participantes deben comprometerse co cumprimento dunha serie de requisitos esenciais de carácter sanitario e legal a través dun documento de aceptación de condicións de participación, obrigación de información e consentimento informado. Este documento terá que asinarse e ser entregado antes do inicio do campamento pola nai, pai ou responsable legal do/a menor.

**+INFORMACIÓN E INSCRICIÓN EN:**  
**CORUNA.GAL/OMIC**  
**CORUNA.GAL/CAMPAMENTOS2024**

